Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa							
VSC-B1.1	3º-VSCB1.1.1 - Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións. Peso: 2.04%		X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CSIEE
VSC-B1.1	3º-VSCB1.1.2 - Expressa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais. Peso: 2.04%		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Posta en común.	CSC CC.
VSC-B1.2	3º-VSCB1.2.1 - Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CCL CSIEE
VSC-B1.3	3º-VSCB1.3.1 - Aplica o autocontrol á toma de decisión. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
VSC-B1.3	3º-VSCB1.3.2 - Realiza un		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	CSC

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

	<p>adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.</p> <p>Peso: 2.04%</p>				<p>alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CSIEE	
VSC-B1.3	<p>3º-VSCB1.3.3 - Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</p> <p>Peso: 2.04%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CSC CSIEE CCL
VSC-B1.4	<p>3º-VSCB1.4.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.</p> <p>Peso: 2.04%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.4	<p>3º-VSCB1.4.2 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.</p> <p>Peso: 2.04%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.4	<p>3º-VSCB1.4.3 - Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.</p> <p>Peso: 2.04%</p>		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CSCCA ACSIEE

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

VSC-B1.5	3º-VSCB1.4.4 - Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. Peso: 2.04%		X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSCCSI EE CAA
VSC-B1.6	3º-VSCB1.6.1 - Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSCCSI EE
VSC-B1.6	3º-VSCB1.6.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CSCCC L
VSC-B1.7	3º-VSCB1.7.1 - Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións. Peso: 2.04%		X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSCCC L
VSC-B1.7	3º-VSCB1.7.2 - Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.1 - Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións. Peso: 2.04%		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.2 - Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. Peso: 2.04%		X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSC
VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. Peso: 2.04%		X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CAA CSIEE
VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.4 - Expón respectuosamente os argumentos. Peso: 2.04%		X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSC
VSC-B2.2	3º-VSCB2.2.1 - Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. Peso: 2.04%		X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSC
VSC-B2.2	3º-VSCB2.2.2 - Colabora		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CAA

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

	en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. Peso: 2.04%					INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSIEE CSC CCL
VSC-B2.3	3º-VSCB2.3.1 - Comunicase empregando expresións para mellorar a comunicación. Peso: 2.04%		X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSC
VSC-B2.3	3º-VSCB2.3.2 - Amosa interese polos seus interlocutores. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
VSC-B2.4	3º-VSCB2.4.1 - Expresa abertamente as propias ideas. Peso: 2.04%		X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.4	3º-VSCB2.4.2 - Emprega a linguaxe positiva. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSC
VSC-B2.5	3º-VSCB2.5.1 - Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSC CAA

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

	Peso: 2.04%						
VSC-B2.6	3º-VSCB2.6.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B2.6	3º-VSCB2.6.2 - Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
Bloque 3: A convivencia e os valores sociais							
VSC-B2.7	3º-VSCB2.7.1 - Respecta e acepta as diferenzas individuais. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B2.7	3º-VSCB2.7.2 - Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC
Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais							
VSC-B2.8	3º-VSCB2.8.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

VSC-B2.8	3º-VSCB2.8.2 - Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
Bloque 3: A convivencia e os valores sociais							
VSC-B3.1	3º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
VSC-B3.1	3º-VSCB3.1.2 - Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
VSC-B3.1	3º-VSCB3.1.3 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.1 - Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CSIEE CSC

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

	aprendizaxe. Peso: 2.04%						
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.2 - Practica as estratexias de axuda entre iguais Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.3 - Respecta as regras durante o traballo en equipo. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.4 - Emprega destrezas de interdependencia positiva. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE CAA
VSC-B3.3	3º-VSCB3.3.1 - Participa na elaboración das normas da aula. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CSIEE
VSC-B3.3	3º-VSCB3.3.2 - Respecta as normas do centro escolar. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B3.4	3º-VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

	<p>construtivo</p> <p>Peso: 2.04%</p>						
VSC-B3.4	<p>3º-VSCB3.4.2 - Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.</p> <p>Peso: 2.04%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CCL CSC
VSC-B3.4	<p>3º-VSCB3.4.3 - Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito.</p> <p>Peso: 2.04%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CSC CSIEE
VSC-B3.5	<p>3º-VSCB3.5.1 - Expón os dereitos básicos da infancia.</p> <p>Peso: 2.04%</p>				X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CSC CCL
VSC-B3.6	<p>3º-VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.</p> <p>Peso: 2.04%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CSC CSIEE CSC CSIEE
VSC-B3.6	<p>3º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CSC CSIEE CSC CSIEE

**PROGRAMACIÓN ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP A RÚA- CURSO 2021- 2022**

	Peso: 2.04%						
VSC-B3.7	3º-VSCB3.7.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CSC CSIEE
VSC-B3.7	3º-VSCB3.7.2 - Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CCL
VSC-B3.7	3º-VSCB3.7.3 - Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. Peso: 2.04%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CCL CMCT CD

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Aprendizaxe cooperativa

A metodoloxía que utilizarei está baseada na aprendizaxe cooperativa. Os equipos estarán organizados en pequenos grupos de traballo.

Tamén traballaremos en gran grupo e individualmente cando a actividade así o requira, de maneira que se traballe en toda as situacións de aprendizaxe que favorezan o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

Os principios pedagóxicos que guían as decisións metodolóxicas desta programación irán de acordo cos que acordamos no noso centro educativo e que se recollen no plan xeral

No noso centro basearemos a intervención educativa nos seguintes principios metodolóxicos:

- Atención á diversidade do alumnado como elemento central das decisións metodolóxicas, tomando un enfoque da escola inclusiva.
- O desenvolvemento das intelixencias múltiples desde todas as áreas e para todo o alumnado. O que supón dar resposta a diversidade de estilos de aprendizaxe a través da combinación de propostas verbais, icónicas, musicais, espaciais e matemáticas e tamén as relacionadas coa intelixencia emocional e co corpo e o movemento.
- A aprendizaxe realmente significativa a través dunha ensinanza para a comprensión e unha estimulación dos procesos de pensamento eficaz, crítico e creativo.
- O logro dun bo clima de aula que permita ao alumnado centrarse na aprendizaxe e lles axude no seu proceso de educación emocional.

Dende as distintas áreas de aprendizaxe traballarase de xeito competencial, onde o profesor pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado é o protagonista da súa aprendizaxe.

A intervención educativa partirá do coñecemento que o alumno e alumna ten da realidade. Para obter esta información, o profesorado realizará actividades que lle permitan descubrir os conceptos previos que posúe o alumno/a.

A principal labor do profesor consistirá en axudar aos alumnos/as a modificar os esquemas dos coñecementos previos, minimizando erros e achegándose a unha visión máis realista e obxectiva da realidade.

O profesorado optará por un enfoque metodolóxico que lle facilitará a organización das situacións reais de aprendizaxe:

- En primeiro lugar, comezará con preguntas, presentando os feitos de maneira accesible e concreta mediante actividades manipulativas, vídeos, imaxes, lecturas.

- En segundo lugar, propondrá tarefas abertas, diversas e con distinto nivel de dominio, procurando o éxito do alumnado e fomentando o traballo en equipo. Empregaremos moito a aprendizaxe cooperativa,
- En terceiro lugar, involucrará ao alumnado nas tarefas, poñéndoo en situación de observar, clasificar, recoller, relacionar información, formular explicacións e argumentos que lle permitan avanzar na adquisición das competencias claves.
- Por último, insistirá na importancia da comunicación oral e escrita das ideas e conclusións, destacando a importancia de compartir e comprender as achegas dos demais.

Con esta acción educativa, o alumnado elaborará as súas tarefas apoiándose en recursos diversos para crear a súa aprendizaxe e aplicala a novas situacións. Estas tarefas realizaranse, en ocasións, de xeito individual e outras en equipo.

Nas diversas actuacións educativas considérase a lectura como eixe de aprendizaxe polo que estará presente en calquera desempeño escolar (Plan lector do centro, Plan de mellora de bibliotecas escolares, Plan de normalización lingüística) e será a competencia lingüística a ferramenta que lle axude a desenvolver as outras competencias clave.

No deseño das tarefas terase en conta as fortalezas de cada cativo/a para que lle sexa posible acadar unha aprendizaxe significativa que converta o coñecemento en creación e lle permita medrar en competencias. Isto tamén fará posible detectar as dificultades de aprendizaxe para corrixilas o antes posible mediante apoios e reforzos, evitando as medidas extraordinarias que só se aplicarán cando as anteriores non funcionen.

Na dinámica da vida do centro estará presente a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e habilidades sociais para lograr a formación integral como persoas permitindo un maior grao de desenvolvemento das competencias clave. (Plan de convivencia, Plan de mediación escolar, Plan Tics, Plurilingüismo).

A metodoloxía que utilizarei na maior parte do curso será a da aprendizaxe cooperativa, onde o alumnado está colocado en grupos que teñen diferentes cargos e desenvolven diferentes estruturas de aprendizaxe. Estas posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha adecuada atención á diversidade.

Relación profesor/a-alumno/a.- A clase entenderase como un permanente diálogo profesor/a-alumno/a-grupo, onde se crearán as condicións adecuadas para que se poida levar a cabo a aprendizaxe. A nosa actuación irá encamiñada en tres direccións:

- Transmisión de información, tanto explicando como pola selección dos textos e do material.

- Favorecer a aprendizaxe, creando actitudes positivas cara á materia (motivación) e fomentando que o aprendido sexa punto de partida para realizar novas aprendizaxes.
- Organización das tarefas dentro da aula, de xeito que o alumno/a saque o maior proveito posible de cada situación.

Faremos uso dun método por descubrimento guiado, con partes expositivas e preguntas que guíen o seu pensamento (método interrogativo)

Manterémonos, durante todo o proceso de aprendizaxe, atentos ao grao de idoneidade da nosa metodoloxía, para, en caso de ser necesarios, facer os cambios pertinentes, a fin de axustala ás necesidades reais da clase.

En cada tarefa partiremos sempre dos intereses do alumnado de forma que (se) faga preguntas, valoracións... Isto serviranos como punto de partida no que establecer os coñecementos previos do alumno/a e será a base para o desenvolvemento dalgúns dos aspectos da unidade. Esta técnica e a dos debates na aula serven para que o alumnado aprenda a expresarse e escoitar aos demais, desenvolvendo un clima de respecto e tolerancia, por un lado e, por outro, un enriquecemento ideolóxico ao confrontar puntos de vista diferentes.

A continuación, levaremos a cabo un tratamento a fondo dos contidos da unidade, onde colaborarán mestre e neno/a. A medida que se vaian desenvolvendo os contidos, iranse desenvolvendo tarefas de diverso tipo:

- Actividades de desenvolvemento
- Actividades de reforzo e consolidación dos contidos básicos que permitirán aos alumnos/as con problemas de aprendizaxe acadar os mesmos obxectivos que o grupo. Son imprescindibles para a atención á diversidade, xa que teñen un menor “nivel de esixencia” e traballarase en pequenos grupos ou individualmente.
- Para rematar coas actividades, realizaranse as de ampliación de contidos. A través delas, o alumnado que supera facilmente os obxectivos formulados poderá profundar nos coñecementos da unidade correspondente. Igualmente, son actividades relacionadas coa atención á diversidade, aínda que, neste caso, presentan aos alumnos/as un maior “nivel de esixencia” e traballarase tamén en pequenos grupos e individualmente.
- Para que os contidos aprendidos non se esquezan e o esforzo levado a cabo se traduza en novas competencias do alumnado, levaranse a cabo actividades de **síntese e transferencia**, que fan referencia á aplicación dos contidos traballados e axudan a xeneralizar as aprendizaxes a outros coñecementos.
- De avaliación. Aínda que todas as actividades anteriores han de servir para a avaliación.

En resumo:

- Potenciarei unha aprendizaxe en grupos cooperativos.
- Seguiremos unha metodoloxía expositiva, investigadora, descubridora, creativa, activa e participativa, fomentando debates e discusións para fomentar a creación dun espírito crítico.
- Procuraremos a socialización do alumnado.
- Proporcionaremos guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación.
- Procuraremos traballar a comprensión e a expresión lectoras así como a expresión oral nos seus diferentes aspectos (escoitar, falar, discurso, debate, exposicións, técnicas gráficas, manipulación matemática...)
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara a súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que o alumnado desenvolvan diferentes xeitos de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender participe na planificación e toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo.
- Permitir ao alumnado moverse con seguridade entre a abundancia e rápida renovación de información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da mesma. Serán precisos enfoques didácticos que permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Distribuír os espazos de tal xeito que favoreza a planificación conxunta e a autonomía nas tarefas

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En terceiro nivel de Educación Primaria traballamos sen libros de texto porque entendemos que o currículo a traballar con este alumnado pode ser máis enriquecedor e gratificante se partimos de situacións e intereses do propio alumnado e a partir de aí traballamos os diferentes contidos das distintas áreas de coñecemento. Tamén ao traballar en moitos casos por proxectos o non ter libros facilita dinámicas de traballo moito máis interesantes e motivadoras para o alumnado. Ademais cremos que a información está en multitude de lugares, con variados soportes e formatos: internet, obras literarias, prensa, radio, imaxes..... así o alumnado pode acceder á información, selecciónala, analizala, traballar con ela e crear contidos ou elaborar produtos finais que poidan ter repercusión na súa vida ou na contorna máis próxima.

Entre os recursos que utilizamos estarán:

- Contos, revistas, libros, xornais, dicionarios, enciclopedias.....
- Recursos tecnolóxicos: tablets, ordenadores, videocámara....
- Material funxible: cartolinas, diferentes tipos de papel, témperas....
- Recursos da contorna. Saídas, exposicións, teatro...
- Biblioteca da aula e do centro.

Poremos ao alcance do alumnado fontes e recursos variados, cotiás e familiares, mesturando o dixital co tradicional , o innovador e o clásico

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os **criterios de avaliación** atenderán aos seguintes aspectos:

- Progreso do alumno e alumna na área
- Diferentes elementos do currículo
- Adquisición das competencias clave
- Necesidade de establecer medidas de reforzo.

Criterios para a cualificación:

A nota final será o conxunto de varios aspectos: esforzo e predisposición, actitude na aula, traballos feitos na aula, implicación na realización das actividades....

As porcentaxes referidas a cada área son as seguintes:

- Elaboración do traballo: 20%
- Presentación dos traballos: 15%
- Probas escritas: 40%
- Participación á hora de realizar as tarefas:15%
- Coidado do material: 10%

Criterios para a promoción do alumnado:

O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madurez.

Así mesmo promocionará sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo curso.

A decisión de promoción dun alumno ou alumna tomarana o equipo docente. Para esta decisión, haberá que ter tomado especial consideración a opinión da titora. Para tomar as decisións sobre promoción, terase en conta o grao de consecución de cada estándar que presente o alumno ou alumna, especialmente en estándares considerados fundamentais ou máis completos por englobar varios aspectos.

Como norma xeral, promocionarán:

- Os alumnos/as que superen todas as áreas.
- Os alumnos/as que superen as áreas de Lingua galega e Lingua castelá e Matemáticas, aínda que non superen algunha das outras áreas ou a totalidade das outras áreas.
- Os alumnos/as que, sen superar as áreas de Lingua galega, Lingua castelá e Matemáticas se considere que pode superalas no vindeiro curso cun plan de reforzo específico.

E non promocionarán:

- Os alumnos que non superen as áreas de Lingua galega e/ou Lingua castelá e/ou Matemáticas e se considere que non poderán superalas no vindeiro curso aínda cun plan de reforzo específico.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES A AVALIAR	SEMPRE	HABITUALMENTE	ÁS VECES	NUNCA
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.				
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.				
Conseguiuse a participación activa do alumnado.				
As metas formuladas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.				
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.				

Usáronse estratexias e procedementos de autoavaliación e coevaluación en grupo.				
Proporcionouse ao alumnado un “feedback” de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.				
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación aos aspectos a valorar.				
Realizo a programación da miña actividade educativa planificando algunhas tarefas				
Lévanse a cabo na práctica os acordos de centro para avaliar as Competencias Clave, así como os criterios de avaliación das áreas tomando como referencia dos mínimos dos Estándares acordados				
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.				
Os recursos foron diversos, variados, do contorno próximo e adaptado ás características do alumnado.				
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado e equipos.				
Usamos diferentes medios de información ás familias.				
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.				
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino aprendizaxe				
Mantívose un clima na aula no que os alumnos/as se sintan seguros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.				
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos(traballo cooperativo) e propostas.				

Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo á flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula.				
Nas saídas didácticas a planificación foi a axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, a propia actividade....				

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Levarase a cabo durante os primeiros quince días de curso mediante diferentes instrumentos. Realizaránselles aos alumnos/as probas tanto de competencia lingüística como de competencia matemática, con contidos traballados no curso pasado para saber cal é o punto de partida para levar a cabo o proceso de ensino e aprendizaxe.

Incluiranse tamén outros aspectos que consideramos son importantes á hora de realizar a avaliación inicial do alumnado: a autonomía persoal, a adaptación ao grupo, a adquisición das normas, as relacións establecidas cos compañeiros/as, a escoita e a atención e os hábitos de traballo.

Os resultados desta avaliación rexistraranse nunha lista de cotexo, coas correspondentes observacións. Esta información axudará a valorar as dificultades ou axudas que precise o alumnado; tamén se utilizará como punto de partida da avaliación continua. As avaliacións iniciais permitirannos facer as propostas de intervención, respondendo, deste xeito, ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

Os resultados finais recolleranse no informe inicial de cada alumno/a no XADE. As familias serán informadas do resultado desta avaliación.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade debe entenderse como unha riqueza e contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades educativas especiais, rexeitando calquera tipo de discriminación.

O profesorado coñecerá a situación persoal do alumnado: principais datos evolutivos e de saúde, estilo e ritmo de aprendizaxe, capacidade, circunstancias familiares, intereses, relacións que establece dentro e fóra da aula...

Para coñecer o punto de partida do alumnado e axustar a intervención utilizaranse:

- Guías de avaliación inicial
- Informes da orientadora
- Información aportada por outro profesorado
- Outros informes

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe poñeranse en marcha as medidas de atención que estean ao alcance do centro:

- De tipo organizativo
- Metodolóxicas
- De recursos
- De cooperación familiar

O profesorado titor responsabilizase da coordinación entre o profesorado e o departamento de orientación para concretar o currículo.

Medidas que se prevén:

- Traballos por proxectos
- Actividades nas que o alumnado sexa posto en situación de éxito e que favorezan a autoestima
- Aprendizaxe cooperativa
- Titorización entre iguais
- Flexibilización de agrupamentos: parella, equipos, gran grupo...
- Diversidade e abundancia de recursos
- Actividades de revisión, ampliación e reforzo educativo
- Flexibilización da avaliación
- Apoio na aula doutro profesorado

O *alumnado con necesidades educativas especiais* que requira determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da súa discapacidade ou trastornos graves da conduta, será atendido tendo en conta o principio de inclusión e seguindo os criterios establecidos para os apoios no

Plan de atención á diversidade.

Tamén hai que ter en conta ao alumnado repetidor ou alumnado con materias pendentes.

Neste grupo non hai ningún alumno nin alumna que non promocionara, pero recibírase apoio na aula por parte da especialista de PT . O que se persegue con estes apoios é o seguinte:

- Preparar ao alumno/a con dificultades de aprendizaxe nas técnicas instrumentais básicas para cursar con garantías de éxito a educación primaria.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e alumna nos seus distintos ámbitos: persoal, social e académico.
- Propiciar no alumno ou alumna unha actitude positiva e activa cara a aprendizaxe potenciando experiencias de éxito académico.
- Fomentar hábitos de organización e constancia no traballo.
- Reforzar a autoestima persoal, escolar e social do alumno ou alumna .
- Implicar á familia na mellora académica do seu fillo ou filla.

Ademais dos apoios, tamén se terá en conta a metodoloxía que se vai a empregar, utilizando materiais máis motivadores para o rapaz ou rapaza, actividades e tarefas que sexan máis curtas, espazos nos que se sinta máis cómodo, modificación dos agrupamentos (dentro do posible debido a situación de pandemia na que estamos vivindo), etc.

Ao finalizar cada trimestre, os mestres implicados, valorarán as actuacións levadas a cabo co alumno ou alumna para ver en que medida foron satisfactorias ou non, e, de ser o caso, adoptarán outras alternativas.

O contacto coa familia e a súa colaboración será indispensable durante todo o proceso. As propostas que lle fagamos á familia deben basearse na confianza mutua, ser concretas, ben definidas e delimitadas temporalmente, estar consensuadas, ser realistas, proporcionarlles indicacións e materiais necesarios, ser avaliábeis e ser positivas, que destaquen o beneficio que reportará ao alumno ou alumna.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Como aparece no RD 126/2014, no artigo 11, hai elementos transversais que deberán tratarse en todas as áreas, sen prexuízo de que teñan un tratamento específico nalgunha delas.

Eses elementos transversais son os seguintes:

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual e TIC
- Espírito emprendedor
- Educación cívica
- Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- Seguridade viaria

□ Sostenibilidade e coidado do medio ambiente

Estes valores serán tidos en conta durante toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar ao alumnado, de seleccionar estratexias que permitan o traballo en equipo e a colaboración.

Algunhas estratexias a utilizar serán asembleas, diálogos, dramatizacións, entrenamento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores. E, por suposto, os libros son un recurso fundamental para traballar estes elementos que deben impregnar todo o currículo, non só pola posibilidade de seleccionar os que conteñen historias con contidos deste tipo, senón porque os libros e as lecturas permítenos traballar emocións, estados de ánimo, diferentes motivacións, empatía ao poñernos no lugar dos personaxes...

Ademais, terase en conta a importancia de colaborar coas familias a través das titorías para que estes elementos transversais se consideren importantes tamén na casa e asegurar a coherencia entre familia e escola.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Programaranse, na medida que sexa posible (debido a situación COVID que estamos vivindo), visitas culturais, exposicións, obras de teatro, etc. Dende os equipos de Actividades Extraescolares, Biblioteca e Dinamización Lingüística proporanse actividades ao longo do curso nas que a aula participará.

Entre elas están:

- Conmemoracións e celebracións: Samaín, Magosto, Festival de Nadal, Día do Libro, Entroido, Día da Paz, Salón do Libro, Letras Galegas, Os Maios.
- Visitas culturais e excursións: as que se propoñan por parte dos mestres, contando co coñecemento do Claustro e coa aprobación do Consello Escolar.
- Actividades deportivas que o centro organice

Como veño dicindo ao longo de toda esta programación estas actividades levaranse acabo sempre que a situación de pandemia nolo permita.

13.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

PROXECTO LECTOR

O Proxecto Lector de Centro garante a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios. Entre estas podemos destacar que:

- Desenvolve a imaxinación e o coñecemento do mundo, dos seus poboadores, costumes e sentimentos.
- Estimula a curiosidade polo que nos rodea e achéganos a mundos de lonxe.
- Enriquece a linguaxe e aumenta a nosa capacidade de expresión.
- Educa en valores, axuda a coñecernos e identificarnos con outros.
- Familiariza co manexo de libros, favorecendo o hábito lector.

Por todo iso, levaremos a cabo distintas intervencións en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, incorporando a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. Isto tamén se fará a través da integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

A formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura será un dos nosos principais obxectivos, e para acadalo destinaranse todos os días un tempo á lectura na aula ou na biblioteca, pero non só se traballará a lectura mecánica, senón que se fomentará a lectura comprensiva, que esixe un traballo progresivo e continuado. Tamén teremos unha xornada completa na biblioteca cada quince días. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

PLAN TIC

Neste 3º nivel de Educación Primaria o alumnado aproximarase ás tecnoloxías da información e da comunicación principalmente a través de distintos soportes.

- Samsung Smart. Contamos cunha tableta para o traballo cos diferentes proxectos que desenvolveremos ao longo do ano.
- Para que esta primeira aproximación sexa efectiva contamos con varias sesións semanais de traballo con ordenadores que temos na aula.

- Na aula tamén dispomos dunha pizarra dixital que utilizaremos a miúdo.
- Como medio de comunicación coas familias e tamén para comunicarnos en caso de confinamento debido ao Covid-19, manteremos un correo electrónico.
- Funcionamento da aula virtual, que nos será moi útil tamén en caso de confinamento de algún neno ou nena.
- Para dar a coñecer os traballos que realizamos na aula, os nosos proxectos, vivencias.... tamén contamos coa radio escolar.

PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia é o documento que serve para concretar a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia. Nel establécense as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar no centro, os obxectivos específicos a acadar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos.

Farase unha distinción entre:

- Convivencia entre o alumnado

Terán como obxectivos: compartir os espazos comúns, respectar aos demais, aceptar e cumprir as normas, resolver pacificamente os conflitos, acoller aos nenos e nenas que chegan novos ao centro e coidar as instalacións.

Para acadalos realizaranse tarefas como:

- Sesións de xogos e diálogos cos titores e coa orientadora do centro para analizar como percibe o alumnado as relacións entre compañeiros e identificar os conflitos máis frecuentes entre eles.
- Analizar como percibe o alumnado as relacións cos mestres e identificar os posibles conflitos.
- Traballar as emocións e os sentimentos propios e alleos.

- Convivencia entre o profesorado do centro

Acollida ao novo profesorado novo

Participación en distintos programas de innovación

Reunións para comentar problemas que afectan á escola.

- Relación coas institucións e agrupacións da contorna escolar

Analizar o grado de participación das familias e outras institucións.

PLAN LINGÜÍSTICO DE CENTRO

A lingua vehicular do centro será o galego; polo tanto será o idioma vehicular na docencia agás as áreas que se impartirán en castelán atendendo ao Decreto de Plurilingüismo.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación non só afecta aos procesos de aprendizaxe do alumnado senón tamén ao resto de elementos implicados no proceso de ensinanza, ao profesor e ao mesmo deseño curricular, e avaliáanse os obxectivos, contidos, competencias clave, metodoloxía, recursos organizativos e materiais, e o propio sistema de avaliación. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua do alumnado, parece conveniente incorporar información sobre a idoneidade dos distintos compoñentes da programación.

Desde unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados:

1. A comprobación de que a planificación se fixo correctamente e se concretaron as unidades de programación con todos os elementos curriculares prescriptivos incluídos.
2. A reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica. O docente, en coordinación co equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo-clase. A partir desta análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do alumnado a través das súas autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensinoaprendizaxe.
3. Por último, despois da aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva, completárase cos resultados das avaliacións do alumnado.

Despois do proceso de autoavaliación, definirase un plan de mellora vinculado aos aspectos que obtiveran cualificacións máis baixas na avaliación, co que se persiga mellorar os resultados académicos do alumnado

15. ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA AO CONTEXTO DA COVID-19

Este curso 2021- 2022 terá una especial consideración debido a situación educativo- sanitaria causada pola Covid-19, o protocolo que debemos seguir, o distanciamento entre as persoas, as normas de hixiene e de limpeza fan que moitas das actividades que realizábamnos outros anos agora non se poidan realizar, sobre todo as que tiñan que ver coa mestura de alumnado de diferentes cursos e as saídas.

Teremos que ter previsto que en calquera momento pode presentarse algún caso de confinamento, dalgún alumno ou alumna ou un grupo de rapaces ou rapazas ou toda a clase enteira que teñan que quedarse na casa. Nestes casos seguirase coa docencia de forma virtual. A través das videoconferencias e á aula virtual que temos da clase de terceiro.